



BANDO

LIMPEZA DE TERREOS PRÓXIMOS A VIVENDAS

D. RAFAEL PÉREZ VÁZQUEZ en calidade de Alcalde do Concello de A Mezquita,

PON EN COÑECEMENTO DOS VECIÑOS:

A Lei 3/2007 de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais de Galicia regula as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

Esta Lei e a normativa concordante determina cales son as FAIXAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN, AS OBRIGAS DOS PROPIETARIOS E QUEN TEN A POTESTADE SANCIONADORA.

Así é de destacar o seguinte:

1º.- Os propietarios dos terreos ubicados a **menos de 50 metros** de calquera vivenda, deberán proceder a súa limpeza e eliminación da maleza existente, para que, de feito, se evite o perigo de incendio para os inmobles próximos.

2º.- Igualmente procederáse a limpeza de tódolos solares e fincas que se atopan dentro dos pobos ou aqueles **que lindan con construcións.**

3º.- Os propietarios que non podan proceder a limpeza dos seus terreos poden solicitar os servizos do Concello, que segundo a ORDENANZA REGULADORA DO PRECIO PÚBLICO POLO SERVIZO DE LIMPEZA DE TERREOS E SOLARES, aplicará a seguinte tarifa:

➤ **DESBROCE CON TRACTOR: 40 €/Hora**

(FRACCIÓN DE TEMPO MÍNIMA: **20 €**)

4º.- En caso de que non se executen ditas medidas, no prazo máximo de 15 días, o Concello procederá a dita limpeza trasladando ós propietarios os custos destes traballos.

De todos xeitos, calquer veciño interesado pode solicitar voluntariamente que se realicen traballos de desbroces nas fincas da súa propiedade, realizando o pago polos servizos prestados.

A Mezquita, a 28 de Xullo de 2022.

O ALCALDE,

(documento asinado dixitalmente)

Asdo.: Rafael Pérez Vázquez

